



Trátase da fibra máis rápida de España e está dispoñible xa para as novas altas que están a contratar os servizos de R a día de hoxe

R leva a fibra simétrica de última xeración con velocidades de ata 10 xigas ao 70 % da súa rede

- ***A nova fibra óptica, que cobre xa preto de 900.000 inmobles galegos, chegará a case un millón de fogares a peche de 2021 e a totalidade dos/as clientes/as de R poderán gozar dela a partir do ano que vén.***
- ***O paso da tecnoloxía HFC a FTTH (fibra ata o edificio) permitirá a fogares e empresas de Galicia dispor dos servizos máis avanzados, incluídos todos os vinculados á tecnoloxía 5G.***
- ***A nova rede de R situará a comunidade á cabeza de Europa con despregaduras de FTTH e 5G, ofrecéndolles aos/ás habitantes de Galicia os servizos de telecomunicacións máis avanzados do territorio.***
- ***O plan, que xa se está desenvolvendo en localidades das 4 provincias, permite gozar de velocidades de ata 10 xigas, wifi 6 e TV con deco Android 4K sen ningún custo adicional.***

Xoves, 11 de novembro de 2021.- R, o operador líder das telecomunicacións galegas, que ofrece servizos de fixo, móbil, internet e tv, anunciou hoxe que o 70 % da súa rede, coa que ofrece servizos de banda larga fixa, xa dispón da fibra óptica máis rápida de España, segundo o prestixioso estudo da empresa francesa *nPerf*.

Así, nestes momentos e grazas á integración de **R** no Grupo MASMOVIL e ao seu propio plan de fibra, **preto de 900.000 inmobles** de Galicia xa dispoñen de cobertura da nova rede de fibra de **R**, a máis moderna, rápida e avanzada do mercado das telecomunicacións en España na actualidade.

A finais de ano prevese que preto de 1 millón de fogares e empresas xa dispoñan desta tecnoloxía que permite alcanzar velocidades de ata 10 xigas e será o vindeiro ano cando todos/as os/as clientes/as de **R** poidan desfrutar dos avances desta modernísima rede.

R comprometeuse, ademais, a continuar coa modernización da súa rede, e en pouco tempo, a totalidade da súa infraestrutura estará preparada para competir ao máximo nivel e para ofrecer a particulares e negocios os mellores servizos de telecomunicacións con fibra óptica do territorio, incluíndo tamén os novos servizos 5G.

A nova fibra óptica xa está dispoñible para os novos clientes de **R** nas 4 provincias galegas, onde algunhas delas teñen actualmente unha cobertura de fibra superior ao 90 % da totalidade da rede.

Velocidades simétricas con fibra óptica, a mellor cobertura, 5G... e máis

A nova fibra óptica de R ofrece velocidades de navegación de ata 10 xigas simétricos, wifi 6 e wifi Mesh e tele con deco Android 4k e plataformas OTT integradas sen ningún custo adicional para o cliente. Estas vantaxes vanse traducir, entre outras cousas, nunha cobertura óptima dos servizos de **R** nos fogares e nunha maior capacidade de navegación con varios dispositivos conectados.

A diferenza da rede de cable HFC, a nova rede de **R** utiliza a **tecnoloxía FTTH**, que accede directamente aos fogares e ofrece, ademais, velocidades simétricas (iguais de subida e de baixada) en toda a rede. Trátase da última tecnoloxía baseada no estándar XGS-PON, que está preparada para o futuro y es idónea para simultanear tarefas de teletraballo, teleformación, videochamadas, *streaming*, *gaming*...etc. e mantendo en todo caso esa simetría en toda a rede. Este estándar permite habilitar accesos de ata 10 xigas, o que supón 4 veces máis capacidade de descarga que a tecnoloxía actual e ata 8 veces máis capacidade de subida.

Cambio gratuíto de equipos e 5G

A medida que se vai despregando a nova rede, os/as clientes/as de **R** son avisados/as e informados/as dos pasos que deben seguir para cambiar os seus equipamentos, de maneira totalmente gratuíta, por outros de nova xeración, máis avanzados, que lles van permitir gozar destes servizos.

Por outra banda, as novas altas de **R** xa están a contratar maioritariamente os servizos a través da nova rede de fibra óptica.

Cando se completen os traballos de despregamento e se instalen os novos equipos en todos os inmobles, Galicia converterase nunha das rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e estará preparada para o uso e **desenvolvemento do 5G**. Esta tecnoloxía avanzada apóiase na rede de fibra óptica, supón máis velocidade (máis de 10 veces a do 4G), maior capacidade e a posibilidade de xestionar unha cantidade inxente de datos, establecendo comunicacións ultrarrápidas sen apenas latencia.

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal

